



DESTINATARIO

MEMBROS DA CORPORACIÓN

NOTIFICACIÓN

En virtude do ordenado por ALCALDÍA, poño no seu coñecemento que con data 17-01-2024 foi ditada a seguinte RESOLUCIÓN con número 45/2024:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO 22.01.2024

No uso das facultades que me están conferidas ao abeiro do establecido no artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- CONVOCAR sesión **ordinaria** que realizará **O CONCELLO PLENO** na Casa Consistorial, o vindeiro **22 de xaneiro de 2024** ás **20:00 h** en primeira convocatoria, e procederase en segunda de acordo co estipulado no artigo 90.2 do R.O.F.

Segundo.- Que pola Secretaria se cite a todos os concelleiros para a devandita sesión manifestándolles que a partir desta data teñen ao seu dispor na Secretaría municipal os antecedentes que figuran na Orde do Día inserido a continuación deste Decreto.

Terceiro.- Incluir na Orde do Día da devandita sesión o seguinte asunto:

ORDE DO DÍA

- 1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO ORDINARIO DE DATA 30.11.2023 E DO EXTRAORDINARIO DE DATA 13.07.2023**
- 2. SORTEO DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS CORRESPONDENTES Ó CONCELLO DE CEDERIA PARA A REALIZACIÓN DAS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA DE 2024 CONVOCADAS PARA O VINDEIRO 18 DE FEBREIRO**
- 3. MOCIÓN DO BNG PARA DEMANDAR A QUE A XUNTA DE GALIZA REALICE ACCIÓNS PARA PALIAR AS CONSECUCIAS DA “MAREA PLÁSTICA” NAS COSTAS GALEGAS**
- 4. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 660/2023 DO 28.12.2023 DE PRÓRROGA DO ORZAMENTO PARA O ANO 2024**
- 5. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA**
- 6. MOCIÓNS DE URXENCIA**
- 7. ROGOS E PREGUNTAS**

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana Velo Ruiz, como Secretaria, dou fe.”



RECURSOS

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá Vd. interpoñer potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da presente notificación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle notificara resolución, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, e poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses contados dende o día seguinte ao de aquel en que se produza o acto presunto ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, ou ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia -Sala do Contencioso-Administrativo- segundo a distribución competencial establecida polos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, poderá impugnar directamente o acto que se lle notifica ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa (art. 123.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). Para tales efectos poderá Vd. interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da presente notificación (art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol ou ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia -Sala do Contencioso-Administrativo- segundo a distribución competencial establecida polos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo, poderá Vd. utilizar calquera outro recurso que considere pertinente e exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas indicadas na marxe.

A Secretaria Xeral

Ana Velo Ruiz.



Enterados da precedente convocatoria e orde do día:

CARMELA PRIETO CAL

JESÚS ROMERO CARRACELAS

LUCÍA PICOS ANEIROS

ISMAEL DURÁN BEREIJO

XULIO CRIBEIRO GARCIA

PABLO LUÍS NEBRIL LÓPEZ

MARÍA LUZ LEONARDO ANEIROS

OLGA IGLESIAS BEREIJO

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ARRIBE

MARÍA JOSÉ PERNAS DÍAZ

NOEL LÓPEZ LÓPEZ

MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ